

¡QUE ME ENTERREN ALÓ!

5 N-unha cidá populosa
muy lonxe d'ó chan gallego,
por diante da mina casa,
todol os días eu vexo
pasar pol a calle abaixo
unhas tres ducias d'enterros.

10 ¡Por antre coches, tranvías
e xentío, que lixeiros
pasan os carros dos mortos
camiño d'o cementerio!

15 Eiquí, non an'da adespacio
ninguén; todos van correndo,
y-astra os mortos levan présa
prá meterse no buxeiro.

20 Cando pasan os defuntos
non hai quén se pare á velos;
cand'un sigue o seu camiño,
indiferente ou contento,
sin que ll'importe tres pitos
saber quén foi o suxeto
que vai, deitado n a caixa
metido, n-un carro negro.

25 Cando aqueles carros miro,
todos de lito cubertos,
fuxindo pr'o campo santo,
digo escontra o meu coletó:
-¿Irei eu tamén n-un d'eles?
¿Morrerei n'este desterró
30 onde ninguén me coñece
nin eu á ninguén coñezo?
¿Por antre tod'o xentío
pasará com'o un lostrego
o carro qu'á min me leve
35 camiño d'o cementerio
o mesmo que si pasara
pol-a área d'un deserto,
sin que ninguén volva a testa
prá ver o que levan drento
40 nin saque por cortesía
ant'o cadavre o sombreiro?

Aquel carro que non torna
con nengun d'os pasaxeiros,
nin adquire parroquia,

45 pois quen vai unha ves drento
xa nunca volve á segunda
cáusame moito rispeto.
Eu á morte non ll'escapo,
por que non lle teño medo;
50 pero ¡carafio!, morrer
como morre un faco vello...
olvidado n-a xunqueira,
eso si que non o quero.

Non quero, non, que me leven
55 para un camposanto inmenso,
onde se perden os hósos
com'agullas n'un palleiro;
onde todol-os difuntos
me tomen por forasteiro,
60 nin ond'os mortos que teña
no coba por compañeiros
non entendan unha letra
d'o noso dóce gallego
prá botar n-a patria lingoa
65 con eles un parrafeio.

Quero morrer n-a terriña,
n-a cás que dend' eiquí vexo,
c-os ollos d'a y-alma erguerse
ante pinos e loureiros,
70 n-o valle de Bergantiños
y-ó pé do monte Castelo;
e que me leven á coba
n-unha caixa d'ameneiro,
con un par de castañetas
75 no curuto d'un pandeiro,
catro mozos de cirolas,
rebustos, de peito rexo,
d'os que berran nas romaxes:
“¡Quen me dé un pau, doull'un peso!”

80 Quero que en ringleira vayan
persidindo o meu enterro,
de calzón e de monteira
o meu amigo o gaiteiro
posta a gaita a funerala,
85 o rapás que toca os ferros,
o ceguiño d'a sanfona
e mail-o tamborileiro;
sin outras pompas mundanas,
nin mais cregos n-o cortexo
90 qu'o párroco don Ventura
amigo meu, bon suxeto,

porque me basta de sobra
o seu acompañamento;
¡pois é tan alto e tan gordo,
95 que él só, val por sete cregos!
Quero que n o adro m'enterren
d'a igrexa, xunt'o salgeurio
ond'iba de pequeniño
á buscar niños de melros
100 cand' escapaba d'a escola
sin permiso d'o mayestro.

Eisí que me vexa alí
enterrado, e satisfeito,
por estar entre defuntos
105 xa coñecidos de vello,
¡qué ben, os mortos xuntiños
hemos de pasal-o tempo!
N-as noites que n-axa Lua,
en ringleira saliremos
110 con luciñas alcendridas,
ó pé d'o monte Castelo;
y a xente d'a nosa aldea
que n o camiño atopemos,
dicindo: “¡Asus! ¡A compañía!”
115 persinaráse con medo.

Outras veces, eu soliño
irei á dar un paseo
d'as páledas estreliñas
ó vago e triste refrexo,
120 pol as estreitas congostras,
os frescos prados, os eidos,
as montañas, os pinares,
os currales y os turreiros.
E cand'as rapazas vayan
125 aló n-as noites d'inverno
á buscar agua d'a fonte
que hay xunt'a Bayo pequeno
salireilles ó camiño
c'os dous brazos moi abertos
130 y envolto n o meu sudario;
y elas; con moito rispato,
-“Conxúrate, almiña en pena-
diranme, mortas de medo-
prá que me digas que podó”
135 facer pol o teu remedio-
Y eu, contestareilles- “Rulas:
fun un poeta gallego
que enchin á terra de ripios;
é non me deixa Sampedro

140 entrar n-a gloria, nin vela
siquera por un buxeiro,
hastra qu'os ratos n o mundo
royan todos os meus versos”
-“Dinos ond' están, almiña,
145 y-untarémolos con queixo.”
-“Pol-o d'agora somentes
darvos un biquiño quero.”
E bicareinas, e logo
Fuxirei com' un lostrego.

150 Os domingos cando vayan
á misa, os nosos labregos,
enriba d'as sepolturas
botarán un parrafeo,
y-as noticias d'o lugar
os defuntos saberemos.
155 ¿E n-o día d'a Patrona?
Entón, todl-os festeiros
beilarán xunto de nós,
y-os foguetes sentiremos,
160 os repiques d'as campás
y-as muiñeiras d'o gaiteiros.

En cámbao, no campo santo
d'esta cidá, tan inmenso,
c-os meus altos arcipreses
165 y-os seus grandes mausoleos,
¡que suidades sentiría
un difuntiño gallego!

¡Ay por Dios meus amiguiños:
si por fado d'o Perello
170 morro lonxe d'a terriña,
aunque sexa por correyo,
mandádem' á miña aldea!
¡Si eiquí me enterran toleo!
¡Non m' acostumo antre mortos
175 que non falan o gallego!